

# Condições de uso do Prestogal veciñanza

## Para persoas

### 1. Introducción

As presentes condicións de uso, regulan as condicións de acceso e uso da web [www.prestogal.gal](http://www.prestogal.gal), (en diante Prestogal) que é unha plataforma que permite ás persoas usuarias (en adiante denominada "Usuaria") publicar ofertas para prestar, ceder ou intercambiar recursos que se teñan en propiedade, así como solicitar en préstamo, cesión ou intercambio aqueles que se necesiten.

O uso do Prestogal atribúe a quen o realiza a condición de Usuaria, e implica a aceptación íntegra destas Condições de Uso. En caso de non estar de acordo con todo ou parte destas condicións de uso, a Usuaria debe absterse de instalar e utilizar o servizo.

A través da aceptación destas Condições de Uso, a Usuaria declara:

- Que leu e entendeu o aquí exposto.
- Que asume todas as obrigas aquí establecidas.
- Que é maior de idade e ten capacidade legal para usar o servizo.

A aceptación das Condições de Uso será un paso indispensable antes de usar o servizo. O titular do Prestogal resérvase o dereito de facer en calquera momento os cambios ou actualizacións das Condições de uso que deberán ser aceptadas pola Usuaria para continuar a utilizar o servizo.

### 2. Titular do servizo

O titular e propietario do Prestogal é Promove, consultoría e formación, SLNE (en diante Promove), con domicilio en Santiago de Compostela, Praza de Ultreia 2 (C.P. 15704), provista de CIF B70184882 e inscrita no Rexistro Mercantil de Santiago de Compostela, Tomo 3336. Folio 215 na folla SC-44417.

### 3. Necesidade de rexistro

Para poder utilizar o Prestogal é necesario o previo rexistro da Usuaria, a aceptación das presentes Condições de uso e a Política de privacidade e de cookies.

Para poder rexistrarse, a Usuaria deberá pertencer a unha asociación veciñal adherida ao Prestogal veciñanza, á que lle deberá solicitar a clave de acceso.

Mediante a aceptación das Condições de Uso, a Usuaria consinte que os seus datos pasen a formar parte do ficheiro de Promove e o tratamento destes datos será conforme ao previsto na Política de Privacidade.

#### **4. Obrigas e responsabilidades na utilización do Prestogal**

A Usuaria obrígase a utilizar o Prestogal de conformidade coa lei, a moral, a orde pública e estas Condicións de Uso. Tamén se compromete a facer un uso adecuado do Prestogal e a non empregalo para realizar actividades ilegais ou constitutivas de delito, que atenten contra os dereitos de terceiros ou que infrinxan calquera norma do ordenamento xurídico.

A Usuaria obrígase a non transmitir, introducir, difundir e poñer a disposición de terceiros, calquera material e información (produtos, obxectos, datos, contidos, mensaxes, imaxes, arquivos de audio e vídeo, fotografías, software, etc.) que sexan contrarias á lei, á moral, á orde pública e ás presentes Condicións de Uso.

A Usuaria deberá respectar en todo momento as presentes condicións de uso do Prestogal. De forma expresa, a Usuaria comprométese a utilizar o Prestogal de forma dilixente e asumindo calquera responsabilidade que puidera derivarse do incumprimento das normas.

A Usuaria é responsable de actuar de boa fe, ante as incidencias e conflitos que se podan dar entre os servizos de préstamo, cesión ou intercambio de recursos que se realicen a través do Prestogal.

A Usuaria que actúe de prestamista (que presta o recurso), comprométese a utilizar fotografías actualizadas e veraces do recurso, así como de advertir de todos os defectos, fallos ou recomendacións para a utilización do recurso.

A Usuaria que actúe de prestameira (que pide prestado o recurso), será a responsable de devolver o recurso nas mesmas condicións en que o recibiu ou, de ser o caso, repoñer ou compensar á persoa que actúa de prestamista, previo acordo entre as partes.

A título enunciativo e en ningún caso limitativo ou excluínste, a Usuaria tamén se compromete a:

1. Non difundir, transmitir ou poñer a disposición de terceiros calquera información que constitúa publicidade ilícita ou desleal.
2. Non transmitir publicidade non solicitada ou autorizada
3. Non introducir ou difundir información ou contidos falsos, enganosos, ambiguos ou imprecisos de forma que induza a erro aos destinatarios da información.
4. Non suplantar a outras Usuarios do Prestogal nin transmitir os datos de acceso á conta nin o contrasinal a terceiros sen o consentimento da Asociación veciñal a través da cal se accede ao Prestogal.
5. Non difundir, transmitir ou poñer a disposición de terceiros fotografías ou calquera representación ou imaxe de menores.

6. Calquera substancia que esixe unha prescrición ou que deba dispensarse baixo a supervisión médica non se admite no Prestogal. Así coma os produtos que podan influír na saúde (que presenten contraindicacións, interaccións, etc.).

A Usuaria obrígase a manter indemne a Promove, ao concello e á Asociación ante calquera posible reclamación, multa, pena ou sanción que poda vir obrigada a soportar como consecuencia do incumprimento por parte da Usuaria de calquera das normas de utilización antes indicadas, reservándose, ademais Promove o dereito a solicitar a indemnización por danos e prexuízos que corresponda.

## **5. Exclusión de Usuarias**

Promove resérvase o dereito de impedir a utilización do servizo, temporal ou permanentemente, a calquera usuaria que infrinxa algunha das regras establecidas nestas Condicións de Uso, a lei ou á moral, ou cando se considere que a Usuaria non actúa de boa fe.

Discrecionalmente, Promove tamén poderá eliminar usuarias e mesmo deixar de ofrecer a totalidade ou parte do Prestogal cando o considere oportuno para mellorar o funcionamento do servizo, notificando previamente dita circunstancia ás Usuarias afectadas.

A persoa responsable do Prestogal na asociación veciñal, resérvase o dereito de solicitar a Promove a baixa dunha persoa usuaria, razoando o motivo de solicitude de baixa.

## **6. Exclusión de responsabilidade**

Nin Promove, nin o concello de Santiago, nin a Asociación veciñal son propietarios de ningún dos recursos que se prestan, ceden ou intercambian a través do Prestogal, polo que non serán responsables, nin directa nin indirectamente, nin subsidiariamente, dos danos e prexuízos de calquera natureza derivados da utilización e contratación dos contidos e das actividades das Usuarias e/ou de terceiros a través do Prestogal, así como da falta de licitude, fiabilidade, utilidade, veracidade, exactitude ou actualidade dos mesmos.

Nin Promove, nin o concello de Santiago, nin a Asociación veciñal serán responsables, nin directa nin indirectamente, nin subsidiariamente, dos danos e prexuízos de calquera natureza derivados das posibles transaccións económicas que se puideran producir entre as Usuarias do portal.

## **7. Resolución de conflitos entre Usuarias**

No caso de que dúas persoas usuarias do Prestogal entren en conflito no proceso de préstamo, cesión ou intercambio de recursos a través do portal, comprométense a buscar a mellor solución para as partes.

No caso de que entre as persoas usuarias non cheguen a un acordo, deberán comunicalo á persoa responsable do Prestogal por parte da Asociación veciñal, cuxa única responsabilidade será dar a súa opinión para intentar aproximar posturas entre as partes, sen que a súa opinión teña carácter vinculante.

No caso de que non se chegue a un acordo tras escoitar a opinión da persoa responsable do Prestogal por parte da Asociación veciñal, as persoas en conflito serán as responsables de buscar a conciliación por vía intraxudicial (ante un xuíz) ou extraxudicial (ante unha persoa conciliadora designada polas partes de mutuo acordo).

En todo caso, nin Promove, nin o concello de Santiago, nin a Asociación Veciñal, nin a persoa responsable do Prestogal na Asociación veciñal, teñen responsabilidade algunha sobre as incidencias ou conflitos que se puideran dar entre as Usuarias do Prestogal, obrigándose a manterse totalmente indemnes e ao marxe dos mesmos.

## **8. Propiedade intelectual e industrial**

Todos os contidos, marcas, logos, debuxos, documentación, programas informáticos ou calquera outro elemento susceptible de protección pola lexislación de propiedade intelectual ou industrial, que sexan accesibles no Prestogal, corresponden exclusivamente a Promove e quedan expresamente reservados todos os dereitos sobre os mesmos.

Promove resérvase todos os dereitos sobre os contidos, información, datos e servizos que ostente sobre os mesmos. Promove non concede ningunha licenza ou autorización de uso sobre os seus contidos, datos ou servizos, distinta da que expresamente se detalle nas presentes condicións de uso do Prestogal.

## **9. Lexislación aplicable, xurisdición competente e notificacións**

As presentes condicións réxense e interprétanse de acordo coas Leis de España. Para calquera reclamación serán competentes os xulgados e tribunais de Santiago de Compostela. Todas as notificacións, requirimentos, peticións e outras comunicacións que a persoa usuaria desexe efectuar a Promove como titular do Prestogal, deberán realizarse por escrito e se entenderá que foron correctamente realizadas cando foran recibidas na seguinte dirección [info@promoveconsultoria.com](mailto:info@promoveconsultoria.com)

## Para asociacións

### 1. Introducción

As presentes condicións de uso regulan os requisitos de acceso e utilización de [www.prestogal.gal](http://www.prestogal.gal), que é unha plataforma que permite ás Asociacións Veciñais (en adiante "Asociación") adherirse para ofrecer a utilización da plataforma ás persoas socias.

A través da aceptación destas Condicións de Uso, a Asociación declara:

Que leu e entendeu o aquí exposto.  
Que asume todas as obrigas aquí establecidas.

A aceptación das Condicións de Uso será un paso indispensable antes de usar o servizo. O titular do Prestogal resérvase o dereito de facer en calquera momento os cambios ou actualizacións das Condicións de uso que deberán ser aceptadas pola Asociación para continuar a utilizar o servizo.

### 2. Titular do servizo

O titular e propietario do Prestogal é Promove, consultoría e formación, SLNE (en diante Promove), con domicilio en Santiago de Compostela, Praza de Ultreia 2 (C.P. 15704), provista de CIF B70184882 e inscrita no Rexistro Mercantil de Santiago de Compostela, Tomo 3336. Folio 215 na folla SC-44417.

### 3. Necesidade de rexistro

Para poder utilizar o Prestogal é necesario o previo rexistro da Asociación, a aceptación das presentes Condicións de uso e a Política de privacidade e de cookies.

Para poder rexistrarse, a Asociación deberá solicitar a adhesión ao Prestogal veciñanza, a través do formulario dispoñible na web, que fará chegar a solicitude ao concello.

Unha vez recibida a solicitude no concello, este deberá responder á Asociación para intentar concretar unha reunión coa xunta directiva ou representantes, para explicar o funcionamento e, de ser o caso, asinar o documento de adhesión ao Prestogal.

Mediante a aceptación das Condicións de Uso, a Asociación consinte que os seus datos pasen a formar parte do ficheiro de Promove e o tratamento destes datos será conforme ao previsto na Política de Privacidade.

### 4. Obrigas e responsabilidades da Asociación na utilización do Prestogal

A Asociación deberá respectar en todo momento as presentes condicións de uso do Prestogal. De forma expresa, a Asociación comprométese a utilizar o Prestogal de forma dilixente e asumindo calquera responsabilidade que puidera derivarse do incumprimento das normas.

A Asociación deberá nomear a unha persoa responsable do Prestogal.

A Asociación deberá responsabilizarse de levar un control das altas e baixas das persoas socias, para saber cales son susceptibles de recibir as claves de acceso ao Prestogal cando cheguen á asociación as solicitudes de alta.

## **5. Obrigas e responsabilidades da persoa responsable do Prestogal na Asociación**

A persoa responsable do Prestogal é a encargada de facer seguimento e velar polo bo funcionamento da plataforma.

A persoa responsable do Prestogal é a encargada de xerar as claves para as persoas socias que soliciten adherirse á web.

A persoa responsable do Prestogal comprométese a dar resposta ás persoas que soliciten clave de acceso, ou ben subministrando as claves, ou indicando, de ser o caso, o proceso para darse de alta na Asociación antes de poder recibir a clave.

A persoa responsable do Prestogal resérvase o dereito de solicitar a Promove a baixa dunha persoa usuaria, razoando o motivo de solicitude de baixa.

A persoa responsable do Prestogal deberá mediar no caso de que as persoas usuarias non cheguen a un acordo tras un conflito producido no proceso de préstamo, cesión ou intercambio dun recurso.

A única responsabilidade da persoa responsable do Prestogal en caso de conflito entre persoas usuarias, será dar a súa opinión para intentar aproximar posturas entre as partes, sen que dita opinión teña carácter vinculante.

## **6. Exclusión de responsabilidade**

Nin Promove, nin o concello de Santiago, nin a Asociación veciñal son propietarios de ningún dos recursos que se prestan, ceden ou intercambian a través do Prestogal, polo que non serán responsables, nin directa nin indirectamente, nin subsidiariamente, dos danos e prexuízos de calquera natureza derivados da utilización e contratación dos contidos e das actividades das Usuarias e/ou de terceiros a través do Prestogal, así como da falta de licitude, fiabilidade, utilidade, veracidade, exactitude ou actualidade dos mesmos.

Nin Promove, nin o concello de Santiago, nin a Asociación veciñal serán responsables, nin directa nin indirectamente, nin subsidiariamente, dos danos e prexuízos de calquera natureza derivados das posibles transaccións económicas que se puideran producir entre as Usuarias do portal.

## **7. Propiedade intelectual e industrial**

Todos os contidos, marcas, logos, debuxos, documentación, programas informáticos ou calquera outro elemento susceptible de protección pola lexislación de propiedade intelectual ou industrial, que sexan accesibles no Prestogal, corresponden exclusivamente a Promove ou aos seus lexítimos titulares e quedan expresamente reservados todos os dereitos sobre os mesmos.

Promove resérvase todos os dereitos sobre os contidos, información, datos e servizos que ostente sobre os mesmos. Promove non concede ningunha licenza ou autorización de uso sobre os seus contidos, datos ou servizos, distinta da que expresamente se detalle nas presentes condicións de uso do Prestogal.

## **8. Lexislación aplicable, xurisdición competente e notificacións**

As presentes condicións réxense e interprétanse de acordo coas Leis de España. Para calquera reclamación serán competentes os xulgados e tribunais de Santiago de Compostela. Todas as notificacións, requirimentos, peticións e outras comunicacións que a persoa usuaria desexe efectuar a Promove como titular do Prestogal, deberán realizarse por escrito e se entenderá que foron correctamente realizadas cando foran recibidas na seguinte dirección [info@promoveconsultoria.com](mailto:info@promoveconsultoria.com)